



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
PRÓXIMA

POR AMOR Á ARTE

GUÍA DE LECTURA





ARTE E LITERATURA

na Biblioteca Ágora


Desde tempos remotos, os artistas plasmaron sobre lenzos, táboas, murais... as súas creacións, a súa particular e poderosa visión do mundo. A literatura e o cinema fanse eco da súa obra, e vidas. E nós, desde a biblioteca, queremos ofrecervos unha mostra diso.

Obras que, desde a ficción -narrativa, cómic, teatro, cinema... - recollen os seus temores, soños e inquietudes, reinterpretando o que deles e delas sabemos.

Narracións a ritmo de thriller, que partindo de tramas ficticias, intrigas, roubos ou imposturas, achéganse a grandes obras, autores ou etapas artísticas.

Novelas sobre o mercado da arte, ese mundo no que as fronteiras entre arte, fraude, provocación e negocio son ás veces difíciles de delimitar.

E por último, unha breve selección de libros informativos, con especial atención a aqueles que adoptan unha perspectiva feminina e redaman o lugar que á muller correspóndelle, por dereito propio, neste mundo



NOVELAS SOBRE GRANDES ARTISTAS

Señores y sirvientes Pierre Michon

Goya, Watteau, Piero della Francesca, Claudio de Lorena e Van Gogh son os protagonistas deste libro. Pequenas ficcións biográficas que falan da vida, e ás veces tamén da morte, destes pintores. Das súas paixóns, ambicións, triunfos e fracasos. Do misterio da creación artística, da pintura....

Cinco retratos destes creadores vistos a través dos ollos dalgunhas persoas -como Joseph Roulin, veciño de Van Gogh- que os coñeceron en vida

El paraíso en la otra esquina Mario Vargas Llosa

Nesta novela Vargas Llosa recolle a vida de dous personaxes reais, con ascendencia peruana, e emparentados aínda que non se chegaron a coñecer: a socialista utópica e feminista francesa Flora Tristán, unha das grandes fundadoras do feminismo da terceira ola, e a do seu neto, o pintor postimpresionista Paul Gauguin. Dúas historias e dous protagonistas na procurado seu propio paraíso. Ela trata de alcanzalo na loita pola xustiza social e igualdade de xénero; el, a través da creación artística..

O señor Luguí e a negra sombra / Luis Rei Núñez

Entrecruzando dúas voces narrativas, o autor conta a vida do pintor e poeta Urbano Luguí desde que chega a Coruña en 1953 ata a súa morte en Vigo 20 anos mais tarde. A vida do pintor, os seus cadros, poemas, e fracasos se entrecruzan cos retratos doutras personaxes próximos a el; Avilés de Taramancos o mozo co que compartiu troulas e proxectos; Mariano Tudela, Miguel González Garcés, Pucho Boedo, Álvaro Cunqueiro...



El último retrato de Goya

John Berger, Nella Bielski

Obra de teatro, comedia absurda, surrealista e postmoderna escrita por John Berger (escritor, pintor, cineasta, crítico de arte....) e a dramaturga ucraina Nella Bielskina. Dous cadros de Goya, *La duquesa de Alba* e *Os fusilamentos do dous de maio*, son o fío condutor dunha historia que retrata a vida do pintor, e describe a España de finais do século XVIII e comezos do XIX, marcada pola axitación política e as guerras patrióticas.



La cazadora de astros

Zoe Valdés

Historia entrecruzada de dúas mulleres de épocas diferentes pero moitas afinidades: Zamia, poeta cubana actual, e reflexo da propia autora, e a pintora surrealista Remedios Varo, compañeira de Lorca e Dalí, exiliada en México en 1941. Dúas mulleres fortes, inimigas de convencionalismos, que foron silenciadas polos seus compañeiros de xeración. Tributo ben documentado a esta pintora de sonos e premonicións

Charlotte / David Foenkinos

Charlotte Salomon foi unha pintora alemá de orixe xudía. Unha muller excepcional, capaz de fuxir dos horrores da guerra, do nazismo e do seu propio legado familiar a través da pintura. Escapando da Alemaña nazi refuxiouse no sur de Francia, e aí recompuxo a súa vida nunha obra pictórica, musical e poética titulada *Vida o teatro?* Premio Renadout e Goncourt des Lycéens 2014

El Judas de Leonardo

Leo Perutz

Un último escollo impide a Leonardo da Vinci rematar *A última cea*: fáltalle o rostro de Judas, o rostro da traizón. Ata que cruza no seu camiño Joachim Behaim, comerciante alemán que chega a Milán para cobrar unha débeda, e decide apropiarse da súa imaxe. E así, mentres Behaim comete a súa propia traizón, Leonardo observa e culmina a súa obra. Última novela do escritor e matemático austríaco de orixe xudía Leo Perutz, entregada pouco antes da súa morte en 1957. Fonda reflexión sobre o azar, o amor e a traizón.

La Folie Baudelaire

Roberto Calasso

O protagonista deste libro é unha especie de bordel-museo, un mundo onírico polo que deambulan pintores como Ingres, Delacroix, Degas ou Manet, frecuentado tamén por Rimbaud, Proust... e outros escritores. Aquí cóntase a historia de como se formou ese universo sedutor, a Folie Baudelaire (en realidade a cidade de París da segunda metade do século XIX) e de como outros artistas se aventuraron a explorar esa rexión..

Belleza dorada Laurie Lico Albanese

Ano 1900. Adele Bloch- Bauer, unha muller casada de ascendencia xudía, coñece ao pintor Gustav Klimt nunha Viena que empeza a desprenderse das caretas do sexo e do antisemitismo. A súa vulnerabilidade alimenta un triángulo amoroso que dará lugar ás mellores obras do artista. Case corenta anos mais tarde, durante a II Guerra Mundial, María Altmann atopará no legado da súa tía Adele a forza para enfrontarse aos nazismo

La sonrisa de la Gioconda Luis Racionero

Ao final dos seus días, Leonardo dá Vinci lembra a súa vida e a sociedade renacentista que lle tocou vivir. A través destas memorias dedicadas ao seu amante, Leonardo reflicte a súa personalidade, a súa maneira de amar e de entender a arte, o simbolismo da súa obra e a súa técnica. Examina tamén a vida doutros artistas do seu tempo (Miguel Ángel, Rafael, Giorgione, Perugino) e o convulso panorama político do momento

La joven de la perla / Tracy Chevalier

Griet, unha moza holandesa de 16 anos, entra a formar parte do servizo do pintor holandés Johannes Vermeer. A súa mirada sensible conmove ao mestre, que decide introducila no seu mundo artístico. A intimidade que crece entre ambos, os rumores que proceden da envexa, a luxuria do mecenas Van Rujvin, e os celos das mulleres do seu círculo íntimo fan que se desate o escándalo. Levada ao cine con gran éxito en 2003 por Peter Webber



La luz del Guernica Baltasar Magro

En 1917 Picasso viaxa a Florencia para coñecer as grandes obras dos clásicos: Giotto, Masaccio, Rafael, Miguel Ángel... Un óleo chama especialmente a súa atención: *Os desastres da guerra*, de Rubens. Vinte anos máis tarde o goberno da República encarga ao pintor cubrir cun gran mural unha parede do pavillón español para a *Exposición Internacional de París*. O 26 de abril caen as bombas sobre Guernica. Esta noticia proporciona a Picasso o tema para a súa obra. Baltasar Magro cóntanos a súa historia.

Benquerido Diego, abrázate Quiela Elena Poniatowska

Outubro de 1921. Angelina Beloff, *Quiela*, pintora rusa exiliada en París, foi a primeira esposa do muralista mexicano Diego Rivera. Abandonada por el, eclipsada polo seu xenio, e sen apenas recursos para subsistir, escríbelle unha carta tras outra desde hai dez anos. A súa relación, marcada pola tiranía do pintor, foi tormentosa. E a adoración de Quiela, incondicional. Brutal, ególatra, irresistible, Rivera debúxasenos como un monstro que fai a súa vontade na arte e o amor.

Me llamo Rojo

Orhan Pamuk

Imperio otomano, fins do século XVI. O Sultán pide aos artistas máis reputados do momento un gran libro para celebrar as glorias do reino. A súa tarefa será iluminar esa obra ao estilo europeo. Pero como a arte figurativa pode ser considerada unha ofensa ao Islam, a elite gobernante non debe coñecer este proxecto. O pánico desátase cando un miniaturista desaparece. A única pista para resolver o misterio reside nas miniaturas inacabadas. A novela contribuíu ao recoñecemento do escritor turco có Nobel de literatura o ano 2006

Azul de medianoche
Simone Van del Blugt

Holanda, 1654. É o século de ouro neerlandés, o tempo de Spinoza, Vermeer e Rembrandt. Tras enviuar, Catrijn decide viaxar a Amsterdam e Delft para perseguir o seu gran soño: ser decoradora de cerámica. Nestas cidades atoparase outras mulleres que, como ela, loitan para forxar o seu propio destino. Unha novela histórica, intensa e áxil, que semella ás veces unha viaxe aos lenzos dos paisaxistas holandesas, sen renunciar á denuncia social sobre a discriminación da muller e a violencia de xénero

Diego y Frida

J.M.G. Lé Clézio


Nesta dobre biografía novelada, Le Clézio conta a tormentosa e apaixonante historia dunha parella fóra do común. Ela é Frida, musa e pintora acosada desde sempre pola enfermidade, que consegue superar a través da súa tenacidade e rebeldía. El, Diego, coloso con reputación de devorador de mulleres, que lle dobra en idade. Frida pinta lenzos cargados de cor e simboloxía. Diego é muralista, comunista e ateo, e recolle nos seus frescos o espírito da revolución e a dignidade do pasado indíxena.

Nervio óptico

María Gaínza

A escritora e crítica de arte Marta Gaínza narra en *Nervio óptico* a historia dunha familia de clase alta, apaixonada pola arte.

Pero tamén pódese ler nesta primeira novela estruturada en once capítulos, ou relatos, unha incursión na historia da pintura a través de diferentes artistas: Toulouse-Lautrec, El Greco, Cézanne, Courbet, Gericault, o Rousseau o Aduaneiro ou Picasso... Un libro que fala da arte con erudición e da vida con sabedoría



ÓLEOS E PINCEIS NO CINEMA

Andrei Rublev
dirixida por Andrei Tarkovsky

A comezos do século XV, o monxe pintor de iconas Andrei Rublev acode a Moscova para pintar os frescos da catedral da Asunción do Kremlin. Fóra do illamento da súa cela, Rublev comezará a decatarse das torturas, crimes e matanzas que teñen aterrorizado ao pobo ruso... Biografía do pintor ruso e retrato da vida social, política e artística na Rusia de principios do século XV.

Un americano en París
Vincente Minnelli

Ao rematar a Segunda Guerra Mundial un pintor americano, (Gene Kelly), instálase en París, en Montmarnasse, para expoñer a súa obra, que ninguén parece interesado en comprar. Ata que coñece a unha americana millonaria que decide promovelos. Pero Jerry namórase doutra muller... En 2006 o American Film Institute colocou a película nun noveno posto na lista dos mellores musicais do cinema estadounidense

El tormento y el éxtasis / dirixida por Carol Red

En 1508 un gran bloque de mármore chega a Roma procedente das canteiras de Carrara. O destinatario é Miguel Ángel (Charlton Heston), que con el pretende traballar nas estatuas que gardarán a tumba do Papa Xullo II. O propio pontífice obriga a Miguel Ángel a abandonar o proxecto para comezar a pintar a bóveda da Capela Sixtina. O artista abandona a obra e foxe



Paula

dirixida por Christian Schwochow

Alemaña, principios do século XX. A artista Paula Becker está decidida a seguir as súas propias normas e explorar o seu propio estilo. Establecida na comunidade artística de Worpswede, casa co tamén pintor Otto Modersohn, crendo atopar á súa alma xemelga. Con todo, cinco anos adicados á vida doméstica afunden o seu espírito, e Paula decide viaxar soa ao bohemio París, onde se embarca nun longo proceso creativo.

El sol del membrillo /

Víctor Erice

Esta é a historia dun artista (Antonio López) que trata de pintar, durante a época de maduración dos seus froitos, unha árbore — un marmeleiro— que hai tempo plantou no xardín da casa que agora lle serve de estudo. *Premio do Xurado no Festival de Cannes e Hugo de Ouro á Mellor Película en Festival de Chicago, en 1992*

El tren

John Frankenheimer

O Coronel Franz Von Waldheim atópase destacado en París cunha misión moi concreta: facerse coas modernas pinturas francesas, as mesmas cualificadas de "dexeneradas" polos nazis, e cargalas nun tren con destino a Alemaña para o Terceiro Reich. Iso si, ha de ter moito coidado de non danar a carga e, ademais, ten de tempo límite o que tarden os aliados en reconquistar a cidade. Moi pouca marxe, xa que cada vez están máis preto.

Mi pie izquierdo

Jim Sheridan

Película baseada nun relato autobiográfico do pintor e escritor irlandés Christy Brown, afectado de parálise cerebral. Unha conmovedora historia de superación persoal, loita por alcanzar os sonos, e por derrubar as barreiras que impedían a integración social das persoas con discapacidade. Óscar Mellor actor a Dany Day-Lewis, e mellor actriz secundaria a Brenda Fricker en 1989

Loving Vincent / dirixida por Dorota Kobiela, Hugh Welchman

Ano 1891. Un ano despois da morte de Vincent van Gogh, o carteiro Roulin pídelle ao seu fillo Armand que entregue persoalmente a última carta do pintor ao seu irmán, Theo. Armand acepta o encargo por afecto ao seu pai, e aos poucos vaise mergullando no mundo do pintor. Unha homenaxe a este gran xenio da pintura realizado con pinturas animadas: cada fotograma é un cadro pintado sobre óleo, por diferentes pintores que ao longo de varios anos traballaron inspirándose no estilo e arte de Van Gogh



Midnight in Paris dirixida por Woody Allen

Un guionista de Hollywood un tanto frustrado chega coa súa prometida e os pais desta a París. Mentres vaga polas rúas soñando cos felices anos 20, cae baixo unha especie de feitizo que fai que, a media noite, nalgún lugar do barrio Latino, véxase transportado a outro universo onde vai coñecer a personaxes extraordinarios... Esta comedia romántica, gañadora do Óscar ao Mellor guiión orixinal, foi unha das películas de mais éxito de Woody Allen en Estados Unidos.

Moulin Rouge John Huston

O pintor impresionista Toulouse-Lautrec, de familia aristocrática, esconde as súas deformidades físicas nos baixos fondos dos París de finais do século XIX. Alí, contemplando as sensuais bailarinas do Moulin Rouge, retratando a prostitutas, pallasos e borrachos, será quen de liberarse das súas propias dores e alcanzar a inmortalidade a través da súa xenialidade artística



Pollock : la vida de un creador dirixida e interpretada por Ed Harris

Nova York, anos 40. Jackson Pollock e Le Krasner, pintores e amantes, contraen matrimonio e trasládanse ao campo para poder expandir o seu xenio creativo. Ela, aparca a súa carreira artística para impulsar ao seu home, que pronto se converte no pintor moderno máis recoñecido dos Estados Unidos. Pero a fama e a fortuna chegan acompañadas de dúbidas existenciais e episodios violentos-

Rembrandt's J'acusse Peter Greenaway

Documental que mostra a investigación persoal do director Peter Greenaway sobre a conspiración e o asasinato que se esconden tras o famoso cadro *A rolda de noite*, de Rembrandt. Greenaway asume o rol de historiador de arte, detective, fiscal e xuíz, analizando con detalle a escena do crime e as pistas que se esconden co obxectivo de descubrir os asasinatos entre os personaxes representados na pintura.

ARTE, COMERCIO...

FRAUDE E PROVOCACIÓN



Bomarzo

Manuel Mújica Laínez

En Bomarzo, preto de Roma, atópanse os restos do palacio da familia Orsini, unha das máis poderosas da Roma renacentista. E xunto a el as ruínas dun parque repleto de estatuas de seres fantásticos e deformes, creado por Pier Francesco Orsini. A través da vida deste personaxe o autor ofrécenos unha novela histórica poboada de príncipes, cardenais, bufóns, condottieri, artistas, cortesáns... E unha visión cínica e obxectiva do poder e da psicoloxía de quen o exerce.

Arte / Yasmina Reza

Serge, un amante da arte moderna, adquire por unha cifra astronómica un cadro absolutamente branco. Os seus amigos tentan convencerlle que sobre a tea non hai nada, pero el insiste en que é unha obra mestra. A discusión sobre o significado da arte poñerá en perigo a amizade entre os tres, que terminan debuxando sobre a tea. Peza de teatro en clave de comedia inspirada na obra de Malevich, "Branco sobre branco".

La luz negra

María Gaínza

Tras triunfar con *Nervio óptico*, unha novela familiar que ofrece unha lectura como incursión na historia da arte, María Gaínza regresa ao universo artístico ocupándose das falsificacións. A protagonista condúcenos polos barrios bohemios de Buenos Aires en busca da maior falsificadora do pasado máis recente e esplendoroso da cidade. Mentres a trama se resolve a novela ofrece mil detalles de cadros, poxas, galerías, exposicións, estafas, xuízos, e falsidades.

Fred Cabeza de Vaca Vicente Luis Mora

Unha académica comeza a escribir a biografía do español supostamente máis universal desde Picasso: Fred Cabeza de Vaca. A través de diarios, entrevistas a colegas e amantes, informes, correos, diarios... vai emerxendo unha figura fascinante e repulsiva, arquetipo do feitizo e excesos do mundo da arte. Retrato incisivo sobre o mundo da arte contemporánea a través da biografía ficticia dun artista actual. Premio Torrente Ballester 2017

30 gramos Leonel Moura

Gianfranco andaba obsesionado polo contido das pequenas latas creadas por Piero Manzoni en 1961. Quería abrir unha delas para saber se eran realmente as feces do artista as que estaban dentro. Este é o punto de partida dunha novela fascinante que, mesturando xéneros (realidade e ficción, novela negra, diario íntimo, ensaio...) percorre a arte máis subversiva e incomprendida do século XX. Premio Edición de Galicia 2010 á Mellor Tradución, realizada polo profesor e crítico literario Ramón Nicolás.

Un objeto de belleza Steve Martin

Retrato do submundo hedonista da escena artística de Nova York dos últimos anos. Lacey Yeager e unha cativadora e ambiciosa bolseira de Sotheby's. Cunhas tácticas cuestionables e vagamente ilegais, pasa de catalogar pinturas en sotos a triunfar no labiríntico círculo das vangardas artísticas. A súas habilidades para desenvolverse neste ambiente crecen tanto como o listado de homes que seduce e destrúe sen remedio.

Riña de gatos Eduardo Mendoza

Un crítico de arte inglés, chega a Madrid en 1936 para verificar a autenticidade dunha obra de arte. O cadro pertence a un amigo de José Antonio Primo de Rivera, e o seu valor pode ser determinante para favorecer un cambio político crucial. Turbulentos amores con mulleres de distintas clases sociais distraen ao crítico de arte ao tempo que se multiplican os policías, diplomáticos, políticos e espías que o perseguen, nunha atmosfera de conspiración e algarada.



Fraude= (F for fake) Orson Welles

Un documental que, combinando realidade e ficción, fala do fraude e as falsificacións, a través das figuras do falsificador de cadros Elmyr d'Hory e o seu biógrafo, Clifford Irving. Trata tamén a reclusión de Hughes e da carreira do propio Welles, que comezou coa falsa emisión radiofónica dunha invasión marciana con *The War of the Worlds*.

ARTE A RITMO DE THRILLER

El jilguero Donna Tartt

Novela de iniciación. Theo Decker, un adolescente de 13 anos, ve morrer á súa nai nun atentado terrorista no museo Metropolitano de Nova York. Só, cheo de medo e cunha táboa holandesa do século XVII nas súas mans, o mozo mergúllase nun intenso periplo que o levará de Las Vegas a Amsterdam. Premio Pulitzer á mellor obra de Ficción en 2013. Un fenómeno de ventas aclamado pola gran crítica



La tabla de Flandes Arturo Pérez Reverte

A finais do século XV un mestre flamenco introduce nun dos seus cadros, en forma de partida de xadrez, a clave dun segredo que puido cambiar a historia de Europa. Cinco séculos despois, unha restauradora de arte, un anticuario e un xogador de xadrez unen as súas forzas para tratar de resolver o enigma. Cada movemento do xogo (pintura, música, literatura, historia, lóxica matemática...) irá abrindo a porta dun misterio que acabará por envolver a todos os seus protagonistas

Matar a Leonardo Da Vinci Christian Gálvez

Na Florencia dos Médici, epicentro do Renacemento, un Leonardo moi novo e prometedor é acusado de sodomía. Tras ser interrogado, torturado e posto en liberdade, Leonardo partirá cara a novos horizontes para demostrar o seu talento e calmar as secuelas psicolóxicas provocadas en prisión. Quen o acusou? Con que motivo? un thriller histórico, unha novela de aventuras na que se dan cita arte, vinganza e paixón



Volaverunt Antonio Larreta

O autor narra, por boca de don Manuel de Godoy, Príncipe da Paz, as estrañas circunstancias que rodearon a morte, acaecida corenta e seis anos antes, da duquesa Cayetana de Alba. Engade á súa interpretación dos feitos o sorprendente testemuño de don Francisco de Goya e a carta póstuma doutro alto personaxe indirectamente involucrado nos sucesos, que arroxa nova luz sobre eles. Levada ao cine por Bigas Lunas en 1990. Premio Planeta 1980.

O retrato de Dorian Gray / Óscar Wilde

Un pintor chamado Basil Hallward (ficticio), retrata a Dorian Grey, un mozo aristócrata decadente, fascinado pola súa beleza. Dorian, namorado da súa imaxe, de se mesmo, desexa permanecer eternamente novo e fermoso. Para iso asina un pacto diabólico: as marcas do tempo non serán visibles no seu corpo, senón no retrato. Clásico da literatura, pedra angular nos debates entre a ética e a estética, o ben e o mal, a arte e a vida.

Robo: una historia de amor Peter Carey

Michael Butcher Boone é un pintor famoso e teimudo, que vive nunha solitaria casa de campo xunto ao o seu irmán pequeno, emocionalmente inestable. A vida dos irmáns, en precario equilibrio, verase truncada cando unha misteriosa muller chame á súa porta en plena noite de tormenta para falarlles dun valioso cadro cubista que podería estar ao alcance das súas mans, xa nada volverá ser como antes. Unha novela sobre a obsesión e a redención envolvida nunha trama de suspense.

El túnel Ernesto Sábato

O pintor Juan Pablo Castel, un home introvertido, de mente enfermiza, cheo de dúbidas existenciais... conta desde o cárcere os motivos que o levaron a asasinar o seu amante. Novela perturbadora, inquietante, que nos revela os pensamentos máis escuros aos que pode chegar o ser humano cando se mergulla nunha espiral de incomunicación. Un clásico da literatura escrito en 1948, no marco do existencialismo posterior á Segunda Guerra Mundial

El color del sol / Andrea Camilleri

No transcurso dunha viaxe a Siracusa, Camilleri, convertido en personaxe do relato, é convocado a unha cita secreta. Incapaz de resistirse ao misterio, deixase levar ata un lugar no campo, onde descubre un manuscrito de Caravaggio oculto durante catrocentos anos. Así, os supostos diarios convértense nunha sorte de relato criminal, infestado de sombras, extravíos e curiosidades. Unha brillante exploración dos aspectos máis profundos do mundo do barroco e das contradicións dun artista único.

Bernhard Schlink Mujer bajando una escalera

Un home contempla un cadro no que aparece unha muller espida, sensual... baixando unha escaleira sobre un fondo verde. A fascinación ten dobre orixe: a obra levaba décadas desaparecida, e ademais formou parte da vida de quen nos conta a historia: trátase dun lenzo que conecta o presente co pasado, cando el era un mozo e inxenuo avogado e asignáronlle un caso que ninguén no bufete quería levar. Un caso cuxo centro era ese cadro.



Herejes Leonardo Padura

En 1939 o transatlántico Ms. Saint Louis estivo fondeado fronte á Habana, con 900 xudeus que escapaban do nazismo. Entre eles, a familia de Daniel Kaminsky, que viaxaba cun lenzo de Rembrandt para comprar ás autoridades cubanas. Pero os xudeus foron enviados de regreso a Alemaña, e o cadro desapareceu. En 2007 o fillo de Daniel viaxa de Estados Unidos a La Habana para coñecer o destino do cadro e da súa familia. E contratará ao detective Mario Conde para que lle axude nesta misión-

El secreto de Sofonisba Lorenzo de Medici

En 1624, un novo Van Dyck visita en Palermo a unha muller chamada Sofonisba. Esta cóntalle a súa historia como pintora e muller. Anos atrás, en 1564, o Papa Pío VI envía a un nuncio á corte de Felipe II nunha misión secreta: un comprometido documento debe ser enviado oculto nun cadro dunha pintora chamada Sofonisba que traballa na corte de Isabel de Valois. Dúas historias cruzadas sobre unha pintora recoñecida no seu tempo e caída no esquecemento, posiblemente por ser muller.

DE CÓMIC

El salón / Nick Bertozzi

París, 1907. Os corpos de varios artistas de vangarda aparecen decapitados. Gertrude Stein e o seu irmán Leo, temerosos de ser os seguintes, reúnen aos seus íntimos íntimos, Braque, Picasso, Erik Satie, Alice B. Toklas e Apollinaire, para poñer fin aos asasinatos. Enxeñosa novela gráfica de intriga sobre a orixe da arte moderno. Elixida pola revista norteamericana *'Publishers Weekly'* como un dos mellores libros de 2007

La casa azul Tito Alba

Un individuo diríxese a Casa Museo Frida Kahlo en Coyoacán, México, en 1989. Alí atopa a Chavela Vargas, que lle conta a historia de como coñeceu á pintora. Ademais de Diego Rivera e Frida, pola Casa Azul transitan personaxes como André Breton, Siqueiros, Trotski... todos eles vistos polos ollos de Chavela. Unha homenaxe a dúas figuras eternas, a un país, México, a unha época e a un modo de vida.



Munch : una biografía / Giorgia Marras

Fillo de familia puritana, o pintor expresionista Edvard Munch camiña polos barrios obreiros e as noites bohemias de Oslo guiando ao lector por unha Europa decimonónica en pleno apoxeo cultural e industrial. É este unha viaxe pictórica para descubrir ao Munch menos coñecido, artista eclipsado pola súa obra, un autor que, como Van Gogh, non vendeu un cadro en vida.

Monet: nómada de la luz Salva Rubio (guión), Ricard Efa (debuxo)

Biografía do artista que inundou de luz a pintura. A vida de Claude Monet foi en grao sumo variada. Con todo, manteríase fiel a unha cousa: liderar un movemento que cambiou a visión da pintura no século XIX. Un inconformista que xamais renunciou á súa misión: inundar dunha luz absoluta a súa obra e cambiar así o curso da historia.

Las Meninas / Santiago García (guión) , Javier Olivares (debuxo)

Despois de toda unha vida na corte ao servizo de Felipe IV, Velázquez por fin foi nomeado cabaleiro en 1658 . Ao redor deste acto de ennobrecemento cortesán, Santiago García e Javier Oliveirais constrúen na novela gráfica *As Meninas*, unha fantasía de longo alcance inspirada en feitos históricos. Esta non é só a historia dunha obra de arte, senón a historia de como unha obra de arte transfórmase nun símbolo.

ELAS, TANTAS VECES NA SOMBRA

Historias de mujeres, historias del arte
Patricia Mayayo

Este libro explora a relación entre o feminismo e a historia da arte. A historia das mulleres artistas foi, ata hai poucos anos, ignorada polo discurso oficial. Tirar do fío desa historia esquecida supón reparar unha omisión intolerable e cuestionar moitas das categorías fundamentais (como as de "xenio artístico", "calidade" ou "influencia") sobre as que asenta a disciplina da historia da arte no seu conxunto.

Ellas mismas
Ángeles Caso

Os libros de historia da arte non contan toda a verdade: moitas mulleres -non tantas como homes, aínda que moitas máis das que nos adoitan dicir- foron tamén artistas, dedicaron longos anos a aprender e competiron cos homes por facerse un sitio no sempre complexo mercado da arte. Ángeles Caso preséntanos a obra e a vida de setenta e nove artistas femininas a través dos seus autorretratos.

París era mujer: retratos de la orilla izquierda del Sena / Andrea Weiss

Retrato colectivo e ilustrado dunha comunidade única de mulleres que chegou a coñecerse co nome de "mulleres da beira esquerda". A profusión de fotografías, cadros, debuxos e fragmentos literarios, moitos inéditos ata agora, unida ao vívido e revelador texto de Andrea Weiss dános unha visión única da extraordinaria trama de mulleres para quen París non era nin amante nin musa, senón outra clase de muller



Musas, mecenas y amantes : mujeres en torno al surrealismo / Victoria Combalía

Case todo o mundo coñece a estas mulleres por seren acompañantes de protagonistas masculinos. Con todo, foron moito máis: crearon as súas propias obras, promoveron e impulsaron a artistas emerxentes, e financiaron a obra de amantes, amigos e protexidos. Musas á maneira clásica pero tamén musas da modernidade polo seu papel activo e relevante no movemento surrealista.

Las mujeres que no pierden el hilo Thomas Blisniewski

Desde a Antigüidade, as mulleres foron asociadas a artes do téxtiles. Desde Penélope traballando do seu tear mentres agarda o regreso de Ulises ata Santa Isabel cosendo roupa para os pobres, a muller dedicada aos seus labores é unha constante no imaxinario occidental.

Pero, como as retrataron os grandes artistas da nosa tradición? O autor móstranolo presentando en cada páxina un cadro, explicándonos os símbolos presentados e a situación política e social do que procede.

Mujeres de ojos rojos. Del arte feminista al arte femenino / Susana Carro Fernández

Nos últimos séculos moitas voces femininas (Mary Wollstonecraft, Simone de Beauvoir, Katte Millett...) reclamaron os dereitos da muller. A súa loita pronto se estendeu ao mundo das artes e da cultura. Neste ensaio, Susana Carro explica os motivos polos que a muller permaneceu tanto tempo apartada da arte. E fálanos dalgúñas creadoras, como Louise Bourgeois, Judy Chicago, Anada Mendieta o Martha Rosler... que traballaron por crear un arte que fose ao mesmo tempo feminista e feminino

Maruja Mallo y la vanguardia española / Shirley Mangini

Este libro percorre a vida de Maruja Mallo, unha das mulleres mais orixinais e importantes da historia da arte española. Analiza os anos previos a Guerra Civil, o exilio, e o regreso unha vez rematado o conflito, ademais do seu estilo tan persoal e as relación que mantivo cas figuras mais destacadas do país na arte.



Dos veces única / Elena Poniatowska

Elena Poniatowska volve a converter en novela nunha sólida investigación, un relato intensamente ben documentado que reconstrúe unha existencia chea de paixón e de furia. Diva e musa por dereito propio, esposa, cociñeira magnífica, nai tormentosa e viúva trágica, Lupe Marín (1895-1983) foi testemuña excepcional e parte indispensable dalgunhas das apaixonantes vidas que deron forma á arte mexicana do século XX.

Lucrecia Borgia, la hija del Papa Dario Fo

Darío Fo recupera a figura de Lucrecia Borgia, liberándoa do arquetipo de muller disoluta e incestuosa desvinculándoa dos escándalos aos que foi sempre asociada. Con ela o lector coñecerá o ambiente das cortes renacentistas do Papa Alejandro VI e o seu irmán César, e as presións e humillacións ás que foron sometidos, ela, e os seus maridos e amantes. Especialmente Pietro Bembo, co que compartiu o amor pola arte, poesía e teatro

Aníbal e a pintora / Xabier Paz

A través dun lenzo atopado en Internet, Aníbal Moreda investiga a vida da pintora Artemisia Gentileschi. Nesta procura queda atrapado nunha relación obsesiva que lle conducirá á morte. Un amigo recupera os seus textos e a través deles imos coñecendo a Artemisia. Xabier Paz ofrécenos unha novela biográfica sobre unha pintora valorada na súa época, pero esquecida pola historia oficial. A novela é tamén unha apaixonante viaxe ao epicentro da cultura europea do século XVII

Totalidad sexual del cosmos Juan Bonilla

A pintora e poeta mexicana Carmen Mondragón, máis coñecida como Nahui Olin, foi unha artista de enorme carisma e sensualidade. Nada en México en 1893, viviu no París dos primeiros anos do século XX, onde coñeceu a Braque, Matisse ou Picasso... Tras pasar por San Sebastián, mergullouse na vida artística de México, onde destacou polas súas ideas feministas e a súa actitude provocadora e ecléctica, que a levaron a interesarse non só pola poesía e a filosofía, senón polas matemáticas e as ciencias exactas.

Ojo de gato Margaret Atwood

Tras unha longa ausencia, a pintora, ficticia, Elaine Risley regresa a Toronto, onde viviu a súa primeira adolescencia, para presentar unha exposición retrospectiva da súa obra. Deambular polas rúas da cidade, xa cumpridos os cincuenta anos, e buscar caras coñecidas na rrúa reaviva na súa memoria as imaxes da infancia. A autora de *El cuento de la criada* viaxa ao mundo da infancia para mostrar a súa cara máis escura



Imaxes recollidas na guía

Visa da Corutña (1669), Urbano Lugrís

Vida o teatro (1940-1944), Charlotte Salomon

A rapaza da perla (1665-1667), Johannes Vermeer

A Sibila de Delfos (Capilla Sixtina) (1590), Miguel Anxo Buonarroti

Desnudo con alcatraces (1944), Diego Rivera

Irises (1889), Vincent Van Gogh

Autorretrato con pinturas e pinceis (1669), Rembrandt

La toilette (1896), Toulouse Lautrec

La galería de arte de Jan Snellincken en Amberes (1621), Hieronimus II Francken

Latas de sopas Campbell (1962), Andy Warhol

Jilguero atado (1654), Carel Fabritius

Maja desnuda (17980-1800), Francisco de Goya

Autorretrato como Baco enfermo (1594-1596), Caravaggio

Autorretrato (1554), Sofonisba Anguissola

A ponte xaponesa (1889), Claude Monet

Autorretrato con discípulos (1785), Adelaide Labille Guiard

A sorpresa do trigo (1936), Maruja Mallo

Judith e a súa doncella (1618-1619), Artemisia Gentilleschi



POR AMOR Á ARTE

Guía de lectura, Biblioteca Ágora

BIBLIOTECA SERVIZO MUNICIPAL DE BIBLIOTECAS
RÚA DURÁN LORIGA 10-10 , 15003, A CORUÑA
TELÉFONO 981189886
smb@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL CASTRILLÓN
PRAZA DE PABLO IGLESIAS, 15009 A CORUÑA
TELÉFONO 981184390
bcastrillon@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL FORUM METROPOLITANO
RÚA RÍO MONELOS 1, 15006, A CORUÑA
TELÉFONO 981184298
bforum@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL MONTE ALTO
VEREDA DEL POLVORÍN, 3-3º, 15002, A CORUÑA
TELÉFONO 981184382
bmontealto@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL SAGRADA FAMILIA
RÚA ANTONIO PEREIRA 1-BX. 15007 A CORUÑA
TELÉFONO 981184392
bsagradaf@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL ÁGORA
LUGAR GRAMELA, 17, 15010 A CORUÑA
TELÉFONO 981184384 / FAX 981184385
bagora@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ESTUDOS LOCAIS
RÚA DURÁN LORIGA 10-1º, 15003, A CORUÑA
TELÉFONO 981184386
bestudiosl@coruna.es

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL
RÚA DURÁN LORIGA 10-BJO , 15003, A CORUÑA
TELÉFONO 98184388
binfantil@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL OS ROSALES
PRAZA ELÍPTICA 1-1º 15011 A CORUÑA
TELÉFONO 981184389
brosales@coruna.es

PUNTO SERVICIO MESOIRO
RÚA OS ANCARES, 15, 15190, A CORUÑA
TELÉFONO 981184370
bmesoiro@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
PRÓXIMA





Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
> PRÓXIMA

POR AMOR Á ARTE **GUÍA DE LECTURA**

